

## Os xestores dos Bancos Popular e Pastor teñen un Plan: pechar oficinas e deixar sen traballo a 435 familias na Galiza

O pasado 15 de setembro a dirección do Grupo Banco Popular anunciou un proceso de reestruturación que terá como resultado o **Despedimento Colectivo de 2.900 traballadores e traballadoras dos Bancos Popular e Pastor e o peche de 300 oficinas**, en todo o Estado. A repercusión desta medida **en Galiza** será importante, na medida en que **as 435 persoas afectadas supoñen o 25% do cadro de persoal destes dous bancos**.

As negativas consecuencias desa decisión son evidentes, tanto para quen traballamos nestas entidades financeiras pola perda dos nosos postos de traballo nunha complicada situación socioeconómica, como directamente para a clientela e usuarias, que padecerán o empeoramento na atención e calidade do servizo, como resultado da diminución do número de oficinas e incluso a desaparición dun bo número delas no rural. Consúmase así o proceso de redución do sistema financeiro galego nun contexto de encarecemento dos servizos que viña ofrecendo.

Sen embargo, a mesma dirección do Grupo Banco Popular que tomou esta decisión, xa non lembra o esforzo realizado polas traballadoras e traballadores para rematar con éxito **duas ampliacións de capital** destinadas a reforzar a viabilidade do Banco. Así é como premian as prolongacións de xornada e o esforzo de todos nos?."Tanto nadar para morrer na beiramar".



Como profesionais do sector bancario que somos, **rexecemos este ERE brutal**

- Porque non ten senso nunha empresa que practica de forma sistemática a prolongación de xornada.
- Porque responsabiliza aos traballadores/as de decisións nas que non participaron. Non é xusto que nos paguemos os erros da dirección.
- Porque en Galiza pretenden destruír un de cada catro postos de traballo. Somos unha das comunidades que máis vai a sufrir o axuste, máxime si temos en conta que 94 dos nosos compañeiros xa están afectados pola venda do negocio de pre e post-firma a Indra.

**Non** podemos ser cómplices do desmantelamento dos Bancos Pastor e Popular.

**Non** podemos apoiar un proceso de destrución de emprego que trae unha sistemática degradación do servizo ofrecido á clientela.

**Non** podemos aceptar este despedimento colectivo e peche de oficinas que os membros da cúpula directiva xustifican con falsos criterios economicistas e de rendibilidade. Persoal directivo que logo non terá ningunha vergoña en marcharse da empresa con multimillonarias cantidades indemnizadoras, produto de qué e por qué?

